

ACTA DA ASSEMBLEIA CONSTITUINTE DO SPG
Local de Árbore, domingo 9 de Agosto de 2015.

Comezamos ás 11:08

1. PRESENTACIÓN DA MESA – expón David
2. PRESENTACIÓN E REXISTRO DE ASISTENTES

Asisten 25 proxectos listados aquí, dos cales 24 anótanse na Folla de Rexistro, en mans do grupo de comunicación e o de xestión:

A Horta do Cadaval
Abreavella Artesáns
Aldea Integral Coop
Árbore Coop
Biochousa
Cesta Fresca
Criscampo
DesPensa – Grupo de Alimentación do Val Miñor
Ecoenvío
Elsa Meis
Fonte do Ouro
Horta da Bubela
Horta do Val
Horta Fresca
Huerto de Paco
Intergal Coop
Koala Coop
Marcos García
O Canizo
Paporrubio
Planteles Raiceira
Recunchoverde
Veiga de Palheiro
Verxel de Coiro
Vilaberta

3. BREVE INTRODUCCION E HISTÓRICO DO SPG – 11:17, expón David
4. APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO – 11:20, expón Uxío
 - 4.1. Intervencións – 11:38
 1. Exponse a dúbida sobre a participación no SPG como socio por parte de asociacións, e acórdase enmendar o regulamento, adaptando uns dereitos e deberes para socios colaboradores.
 2. Tanto esta como outras posibles suxerencias de mellora do regulamente interno, enténdese que caen ao cargo da comisión de xestión.
 - 4.2. Apróbase por consenso
5. APROBACIÓN DE CRITERIOS POR SECTORES
 - 5.1. Criterios e folla de visita de Horta e plantón – 11:51, expón Marta
 1. Intervencións – 12:05

1. Acórdase mudar o apartado no que aparece o vocable “asalariado”, substituíndoo por “que non haxa beneficio baseado na explotación das persoas”.
 2. Múdase tamén o termo “explotación” por “proxecto”.
 3. Asísumese como desexable, máis non necesario, o acto de levar un libro onde se recollan a actividade do proxecto productivo.
2. Apróbase por consenso
- 5.2. Criterios e folla de visita de Grupos de consumo – 12:26, expón Ánxeles
1. Intervencións – 12:30
 1. Decídese non publicar, no documento dos criterios, así como noutros documentos do SPG, referencias directas a outras entidades.
 2. Decídese usar a expresión de “finanzas éticas”.
 2. Apróbase por consenso
- 5.3. Criterios e folla de visita de Pequenos comercios – 12:35, expón Galo
1. Intervencións – 12:40
 1. Discútese abundantemente de certificar tendas que vendan en ecolóxico e convencional, máis afirmase finalmente que non entra en conflito cos criterios, e que é viable certificar a pequenos comercios comprometidos coa transición.
 2. Acórdase a proposta de engadir un apartado sobre a Comercialización, na folla de visita a proxectos productivos.
 3. Afirmase que é posible para un produtor certificado usar o seu selo de forma independente e facer venda libre, non limitada a tendas ou grupos tamén certificados polo SPG.
 2. Apróbase por consenso

Ás 13:08 decídese tomar un descansiño ata as 13:30

Retomamos ás 13:38

6. REPARTO DE TAREFAS POR COMISIÓNS

- 6.1. Comisión de verificación – expón David
 1. Fican como dinamizadoras da comisión Diana e Marta, e como membras Begoña, Belén, Ildara e Touzón, Paco, e Roberto.
- 6.2. Comisión de Comunicación – expón Daniel
 1. Lémbrense as tarefas pendentes de tradución da web, actualización membros da rolda, e realización dun díptico.
 2. Acórdase o uso do termo “agroecolóxico” en trocas de “ecolóxico” nos textos do SPG
 3. Fican como dinamizadores da comisións David e Uxío, e como membras DesPensa, Ester e Pequeno, e Lolo
- 6.3. Comisión de Xestión – expón Ánxeles.
 1. Fican como dinamizadoras Antía e Olga, e como membros Javier e Miguel
 2. Acórdase unha cuota inicial de 10 € ou equivalente noutra divisa aceptada, para sufragar os gastos previstos.
 3. Miguel comprométese a presentar o proxecto da Caixa de crédito virtual, por se puidera ser interesante para o grupo.

Ás 14:46 facemos un descanso para comer, para comezar de novo ás 16

Retomamos ás 16:20, para rematar ás 18

7. APROBACIÓN DE NOME E LOGO

1. Decídese por consenso usar como nome SPG 'A Gavela'. Elimínase a referencia á extensión territorial que abrangue, non querendo autolimitarse pero entendendo que o selo e de natureza local e de proximidade.
2. Sobre o logo, decídese aprobalo na rolda de correo a través de un sistema de votación similar ao que se usou para o nome, encargándose o grupo de comunicación de presentar propostas no prazo de un mes.

8. CALENDARIO DE VISITAS

1. Tras unha choiva de ideas de proposas, decídese que a comisión de verificación o organiza, centralizando os datos nunha folla de cálculo en internet, atendendo á dispoñibilidade de seren visitado, e facendo elas a primeira visita.

9. VARIOS – 17:15

1. Fíxase a próxima assemblea, para o día 6 de novembro ás 19:00, na Horta do Val (Nigrán)
2. Abórdase o tema dun posible Pacto sobre Prezos Mínimos, que é complexo, e fórmase unha equipa de traballo constituída por Antía, Belén, Edgar e Galo, que se compromete a presentar algo tralo inverno.

Rematamos a assemblea ás 17:50